

## **PEDICULOSE**

### **COMENTARIOS**

#### **TEXTO FRAGMENTO 1**

Seccións A-C lense xuntas:

(Saúdo + enunciar tema: preferentemente improvisado e sempre en inversa A-B: frases feitas, véxase Unidade 3)

A) Pediculosis is the technical term used to describe the symptoms caused by an infestation of lice on the human body.

B) The eggs laid by lice are referred to as nits. Full-grown lice are about the size of a sesame seed and feed on blood with their tiny needle-like mouthparts.

C) Lice are parasites which affect various parts of the body, namely the head, the rest of the body and the pubic, which we shall go on to look at in more detail in a moment.

### **COMENTARIO**

1. Definir pediculose (xa estaba semi-lista): A > pediculosis is the technical term used to describe the symptoms caused by an infestation of lice on the human body.
2. Evitar verbosidade e facer frases sinxelas: pediculosis is the ~~technical term used to describe the symptoms caused by an~~ infestation of lice on the human body.
3. Definir piollos (xa estaba semi-lista): B > The **eggs** laid by lice are referred to as nits. Full-grown lice are about the size of a sesame seed and **feed on blood** with their tiny needle-like mouthparts > ovíparos, hematófagos
4. Reagrupar e integrar bloques de temática similar: C > Lice are parasites. B + C > Os piollos son (insectos) parasitarios ovíparos e hematófagos.
5. Quitar elementos obvios C (discutir: piollo pulga?) > ~~on the human body.~~
6. Utilización de referencias metadiscursivos: Lice are parasites which affect various parts of the body, namely the head, the rest of the body and the pubis, ~~which we shall go on to look at in more detail in a moment.~~ > eliminar (máis mentalizada)

> *Consecutiva final:*

“A pediculose refírese a unha infestación por piollos. Os piollos son insectos parasitarios ovíparos e hematófagos.”

#### **TEXTO FRAGMENTO 2**

As we said, lice are parasites which affect various parts of the body, namely the head, the rest of the body and the pubis.

As their name suggests, head lice occur on the heads, body lice on the rest of the body and pubic lice in the hair around the area of the groin.

### **COMENTARIO**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

1. Confirmar repetición e superfluidade de enunciación referencias metadiscursiva (véxase punto 6 do fragmento anterior), quitar referencias metadiscursivas: ~~As we said~~, lice are parasites which affect various parts of the body, namely the head, the rest of the body and the pubis.
2. Reorganizar máis lóxicamente (para ser discutido máis adiante: razón de ser da orde orixinal imprevisíbel): lice are parasites which affect various parts of the body, namely the head, the rest of the body and the pubis > lice are parasites which affect various parts of the body, namely the head, the pubis, and the rest of the body
3. Eliminación de elementos totalmente superfluos por repetitivas (ridículos na TT). Evitar problemas de léxico, p.e. traducir ‘groin’: ~~As their name suggests, head lice occur on the heads, body lice on the rest of the body and pubic lice in the hair around the area of the groin.~~
4. Terminoloxía técnica: cabeza + pelo > coiro cabeludo

### **> Consecutiva final:**

“Os piollos poden afectar varias partes do corpo, nomeadamente o coiro cabeludo, a pube a o resto do corpo .”

### **TEXTO FRAGMENTO 3**

Head lice are spread through direct head-to-head contact with an infested person or object. Body lice are similarly spread via contact with infected people and items of clothing and public lice are speraed through intimate contact with an infested individual.

### **COMENTARIO**

1. identificar bloque temático (estrutura) e enunciálo explicitamente: vías de contaxio > ‘en canto ás vías de contaxio...’
2. Reflexión e simplificar mediante a reagrupación das vías de contaxio, iguais en todos os casos: ‘por contacto con persoas ou obxectos infectados’

### **> Consecutiva final:**

“En canto ás vías de contaxio, os piollos transmitense por contacto con persoas ou obxectos infectados”

### **TEXTO FRAGMENTO 4**

We shall now go on to look in more detail at the three main types of lice mentioned earlier.

Head-lice and body lice are similar in appearance, resembling miniature ants with large front legs in order to grab and hold on to the hair shafts. Head lice are often slightly smaller than body lice.

Pubic lice are actually quite distinct from both head and body lice, with large pincer-lice claws making them look like crabs, hence their nickname ‘crabs’.

### **COMENTARIO**

1. Referencia metadiscursiva (rappel) > cortar e utilizar para autoconfirmar e/ou recuperar información perdida a primeira vez no caso de ser preciso.
2. Distinguir os dous tipos de piollo (non tres) ‘cabeza/corpo’ vs. ‘pube’: enténdese agora a agrupación anterior. Non hai contradición: a reorganización no TT anterior non era errada aínda que houbera razóns par ao orador organizar doutro xeito.

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

3. Enunciar metadiscursivamente: “Existen dous tipos principais de piollo, nomeadamente os da cabeza e do corpo fronte aos da pube.” Fíxense na utilización de marcadores lexicais claros: ‘nomeadamente’ e ‘fronte’ (para distinguir dous grupo AB/C)
4. Describir primeiro tipo brevemente (sabendo que todo o mundo sabe a que parece un piollo): o importante é poder contrastar os dous tipos: Utilización de marcadores lexicais claros (‘primeiro’...): “En primeiro lugar: os piollos da cabeza e do corpo, similares a diminutas formigas con patas dianteiras alongadas”. Fíxense en que tampouco é imprescindible facer frases sintacticamente unidas se se utiliza ben a puntuación).
5. Opción de cortar. Aquí se trata dunha descrición física, polo que se pode optar por cortar a referencia á función das patas dianteiras: ~~in order to grab and hold on to the hairs/hafts~~
6. Contrastar co segundo tipo mediante marcadores lexicais explícitos: “Por outra banda, están os piollos da pube” + descrición
4. Importancia da relativización cultural entre o orador e a súa relación co seu público e a intérprete e os eu público. As alumnas teñen que reflectir sobre quen son estes dous públicos. Neste caso, ao público galego non lle interesa comentarios sobre argot británico, polo que se pode eliminar: ~~hence their nickname ‘erabs’~~
5. Aproveitar a oportunidade para efectuar unha substitución cultural-lingüístico necesario para o público receptor do TT, sendo o termo galego menos coñecido que o seu equivalente español, distinguíndose de ‘piollos’: “que se chaman ‘piollo pato’ en galego, coñecidos como ‘ladillas’ en español”

### **> Consecutiva final:**

“Existen dous tipos principais de piollo, nomeadamente os da cabeza e do corpo fronte aos da pube. En primeiro lugar: os piollos da cabeza e do corpo, similares a diminutas formigas con patas dianteiras alongadas. Por outra banda, están os piollos da pube, máis parecidas a caranguexos, que se chaman ‘piollos pato’ en galego, coñecidos como ‘ladillas’ en español”

## **TEXTO FRAGMENTO 5**

The main symptom associated with pediculus is itching, in itself more of an inconvenience than a problem per se. However, itching leads to scratching which can cause sores which can become infected. In extreme cases, body lice can also be a vector for typhus and trench fever.

## **COMENTARIO**

1. Reorganizar para centrarse no elemento máis importante, mediante o uso de marcadores lexicais explícitos: “Aínda que nalgúns casos..., na maioría dos casos...”
2. Coller só os elementos que a intérprete é capaz de traducir (mediante un pouco de creatividade), sobre todo se non se trata do elemento principal (sempre a maioría, véxase outros textos \$unidade) : “typhus ~~and trench fever~~” > tifo. Incluso se podería eliminar esta parte para se centrar máis na maioría dos casos.
3. Buscar termos máis técnicos: ‘picor’ > ‘prutite’. Formular. Agora se pode diferenciar entre ‘piollos’ e ‘piollos pato’.

### **> Consecutiva final:**

“(Aínda que nalgúns casos illados os piollos do corpo poden provocar tifo,) a maioría das veces os piollos e os piollos pato causan prurite, que ao se rascaren poden levar a feridas infectadas”

## **TEXTO FRAGMENTO 6**

Xa se poden comezar a incrementar a extensión e a complexidade dos fragmentos:

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**

There are three main stages in the life-cycle of a louse: the egg (known as ‘nits’), the nymph and the adult. Eggs undergo an incubation period of 7-9 days before hatching into a nymph. The nymph stages lasts between 10-12 days before fully maturing into an adult louse.

Adult lice lay several hundred eggs close to the scalp, which are glued to the hair shafts. The presence of pale eggs, nymphs and/or adults is a sign of an active infestation. Dead eggs or casts left behind after an egg has hatched are darker in colour and are not indicative of an active infection.

### **COMENTARIO**

1. Enunciar as tres fases: ovas (‘lencia’), nimfas e adulto.
2. Eliminar datos numéricos (períodos) ao non poderen tomar notas nesta fase, para se centraren no esencial (contidos e estrutura). ~~Eggs undergo an incubation period of 7-9 days before hatching into a nymph. The nymph stages lasts between 10-12 days before fully maturing into an adult louse.~~ Unha alternativa sería redondear o período completo: “pasan unhas dúas semanas para que a ova chega a ser un piollo adulto.”
3. Dicir o que é certo, sen centrase non que non o é, que se pode cortar ou non segundo a capacidade de retención de cada alumna: ~~Dead eggs or casts left behind after an egg has hatched are darker in colour and are not indicative of an active infection.~~ Manter unha sintaxe o máis simple posíbel para se centrar noutras tarefas: “A presenza de ovos de cor clara, nimfas e piollos adultos indica unha infección activa. (Por outra banda, a presenza de ovas mortas, máis escuras, non é signo dunha infestación activa).

#### **> Consecutiva final:**

“Son tres as fases do ciclo vital dun piollo: a ova, a nimfa e o adulto. (Pasan unhas dúas semanas para que a ova chega a ser un piollo adulto.).

A presenza de ovos de cor clara, nimfas e piollos adultos indica unha infección activa. (Por outra banda, a presenza de ovas mortas, máis escuras, non é signo dunha infestación activa)”

### **TEXTO FRAGMENTO 7**

Finally, as far a treatment is concerned, medicated shampoos and lotions are the first choice, with rinses to separate the eggs from the hair shafts. Combing with a fine-toothed comb is required in order to remove all of the lice and nits.

In some cases, lice may be unaffected by commercially available treatments, in which case other alternatives such as electrical combs can be used.

### **COMENTARIO**

1. Marcador explícito de final: “Para rematar...”
2. Identificar e enunciar tema: “Tratamentos”
3. Tratamento principal (todo o mundo o sabe). Buscar termos (antiparasitarias): “locións antiparasitarias e peites para eliminar restos”
4. Outros casos: cando?: “Peites eléctricos no caso de resistencia aos produtos habituais”

#### **> Consecutiva final:**

“Falaremos, para rematar dos tratamentos. Habitualmente se utilizan locións antiparasitarias e peites para eliminar restos. En casos de resistencia aos produtos habituais, pódense utilizar peites eléctricos”

## **BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE**